



## Casamento patrona, filla e neta.

11a

Aló na terra de Lughó  
na montaña de Burón  
pasou un caso chocante  
que casou admiración.

Alí vivía unha patrona  
cunha filla e unha neta  
e as tres estaban solteiras  
nunha casa pequena.

Todas as tres teñen mozo  
todas se queren casar  
e maiormente a patrona  
xa non se pode aghuantar.

Esa trataba cun vello  
medio xordo e xorobado  
pero era moi bonito  
porque tiña moitos cartos.

A filla era medio bruxa  
e tamén tiña rapaz  
un xastre de mala morte  
qu'andaba polo lughar.

A neta era moi noviña  
tiña quince primaveras  
solo que tiña un defeto  
era tortiña das pernas.

Esa tamén busca un mozo  
un ghallardo paraghüeiro  
que cando viña ó lughar  
poñíalle algún remendo.

Un día entre todos xuntos  
entre todos se acordaron  
casarse todos nun día  
para evitar moitos ghaustos.



A vella toda apurada  
foi xunto ó cura correndo  
antes que nincún dos novios  
cambiara de pensamento.

“Boas tardes señor cura  
véñolles a preghuntar:  
¿por facer tres casamentos  
canto nos vai a cobrar?”

“Un cóstalle trinta pesos  
e os tres valen noventa  
pero si son os tres xuntos  
rebaixareinlle da cuenta.”

“Claro que son os tres xuntos  
e os tres no mesmo día  
caso eu e casase a neta  
e tamén se casa a filla.”

“Nunca i-outra tal se viu  
desde que eu son sacerdote  
tres casorios nunha casa  
debe ser señal de morte.”

“Pois véñanse cando queiran  
que os caso de contado  
e como son os tres xuntos  
heille-los de facer baratos.”

“De padriños e madriñas  
servimos uns prara os outros  
e misa chéga-nos unha  
nós queremos rezar pouco.”

Un día de moito inverno  
fóronse para casar  
deixaron a casa sola  
ós rapaces do lughar.

Entráronlle na cociña  
leváronlle a carne toda  
e o viño e as empanadas  
todo que tiñan pra boda.



Tocando cornos e latas  
cencerros e potes vellos  
fóronse pra unha xesteira  
moi alegres e contentos.

Alí fixeron a festa  
e a conta dos casamentos,  
o viño andaba por cuncas,  
a carne por torombelos.

Volvamos ás tres parexas  
cando viñan de casar  
pensando na gran enchenta  
que se iban a tomar.

Cando chegharon á casa  
toparon todo barrido  
ni o bolete nin a ovella  
nin o pelexo do viño.

“Quen sería o ghalopín  
tan ladrón e desalmado.”  
Dixeron os matrimonios  
todos a un tempo chorando.

Pero a conta foi despois  
ó chegha-los invitados  
topan as portas pechadas,  
os matrimonios chorando.

Que vos pasa meus amighos  
díxolle un dos invitados  
“¿Que vos vexo todos tristes  
como perdidos chorando.?”

“Que é o que nos vai pasar”  
dixo a tía Micaela  
“mentres nos fomos casar  
levaronno-la ovella.”

“O viño e o pan de trigo  
e empanadas e paella  
e non levaron á casa  
que non pudeiron con ela.”



Ó ver eso os invitados  
todos de mala maneira  
déronse a volta prá casa  
ca barrighiña valdeira.

Os matrimonios á noite  
fóronse cedo pra cama  
pero como tiñan fame  
non puideron facer nada.